



BOP

MÉRCORES, 12 DE SETEMBRO DE 2018 N.º 210

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.-

Tendo que ausentarme do Termo Municipal de Baleira dende as 13:15 horas do 30 de agosto do 2018 ó 10 de setembro do 2018, de conformidade co regulado nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, do 02 de abril Reguladora das bases de réxime local, artigo 63 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

RESOLVO:

Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía, ós efectos de que me substitúa durante o devandito período (dende as 13:15 horas do día 30 de agosto do 2018 ó día 10 de setembro do 2018, no Primeiro Teniente de Alcalde D. Alberto Núñez Fernández. Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Edictos do Concello. Dar conta da presente Resolución á Corporación Municipal en Pleno.

Baleira, 30 agosto do 2018.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López. Mándao o Alcalde, A Secretaria-Interventora

R. 2545

CASTROVERDE

Anuncio

Ao non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional deste Concello sobre a modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público polo servizo das escolas deportivas municipais, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Artigo 1.- Concepto.

De conformidade con canto se establece no artigo 127, en relación co 41 ámbolos dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de Escolas Deportivas Municipais.

Artigo 2.- Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible deste ingreso a prestación do servizo de ensinanza das Escolas Deportivas que organice o Concello de Castroverde, por sí mesmo ou a través dun terceiro.

Artigo 3.- Obriga de pagamento.

1.- Están obrigados ó pagamento aqueles que se beneficien do servizo prestado a que se refire o artigo anterior e que resulten matriculados como alumnos nas escolas deportivas municipais.

2.- A obriga de pagamento nace no momento de formalizar a correspondente matrícula, sen que poda iniciarse a asistencia as actividades, en tanto non se satisfaga o prezo público que orixine a mesma.

Artigo 4.- Normas de xestión.

1.-O importe do prezo público por cada curso, dependerá do número de actividades ou modalidades nas que o alumno se inscriba.

2.-O prezo público abonarase en réxime de autoliquidación mediante ingreso polo obrigado en calquera das contas bancarias operativas abertas a nome do Concello de Castroverde. O pago poderá ser mensual ou por trimestres, e de forma anticipada, debendo abonarse a primeira mensualidade ou, no seu caso trimestralidade, na data de inscrición. O pagamento das tarifas realizarase nos sete primeiros días do mes.Os comprobantes do pagamento deberán ser presentados nas oficinas municipais para dar constancia dos mesmos, debendo constar o nome do usuario, actividade deportiva e período da mesma.

3.- A baixa voluntaria na actividade deberá comunicarse antes do día quince do mes anterior a aquel no que surtirá os seus efectos

4.- Verificado o impago das cotas mensuais practicarase a liquidación que dea lugar, que será obxecto de notificación ao suxeito pasivo de conformidade co disposto na Lei Xeral Tributaria e continuando as actuacións recadatorias de conformidade cos termos previstos no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 5.- Tarifas.

As tarifas do prezo público serán, as seguintes:

- Escolas deportivas para nenas e nenos de 3 a 16 anos: 10 €/mes
- Natación para nenas e nenos de 3 a 16 anos: 30 €/mes
- Actividades deportivas para adultos, a partir de 16 anos: 18 €/mes.

Os suxeitos pasivos que acrediten ser familia numerosa no momento de realizar a inscrición, aboaran a cota completa polo primeiro neno ou nena, o 50% polo segundo, e gratuíta os demais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

RECURSOS: De conformidade co disposto no artigo 19.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra o acordo de referencia os interesados legítimos poderán interpor o correspondente recurso contencioso-administrativo nos prazos e formas que establece a Lei reguladora de dita xurisdicción.

Castroverde, a 6 de setembro de 2018.- O alcalde en funcións, (Decreto 22/08/2018), Eduardo Álvarez López

R. 2546

GUNTÍN

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Considerando, que polo titular da Secretaría-Intervención deste concello tense solicitado o disfrute das súas vacacións anuais entre o período comprendido entre os días 12 e 17 de setembro do presente ano 2018 – ambos inclusive.

Considerando, que é necesario adoptar desde a Corporación as medidas precisas co fin de que os servizos municipais non queden desatendidos, polo menos en canto á realización dos actos de trámite que son necesarios, e que non é posible o desempeño do posto mediante o nomeamento de funcionario accidental con capacitación suficiente.

Pola presente, á vista da proposta feita pola Secretaría Intervención, e no exercicio das competencias que se atribúen a esta Alcaldía polo Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, o art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo e o art. 12 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público

RESOLVO:

1º.- Delegar a sinatura da persoa que ostenta a Secretaría-Intervención deste Concello no emprego público municipal, Dña. María Isabel Santoalla Cabanas, e para os actos de trámite que se expresan seguidamente – durante o período do 12 e 17 de setembro de 2018, ambos inclusive, por mor das vacacións do titular do posto.

2º.- Os actos de trámite dos que se delega a sinatura son:

- a) Certificados do Padrón Municipal de Habitantes.
- b) Cotexo de documentos.
- c) Certificacións e notificacións de traslado, de actos, acordos ou resolucións dos órganos de goberno da entidade que constan nas distintas dependencias.

3º.- Notificar aos interesados a presente Resolución e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Guntín, a 06 de setembro de 2.018.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro

R. 2547

OUTEIRO DE REI

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE OCUPACIÓN DIRECTA

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

O viario que se pretende realizar foi proxectado dentro do Plan de Sectorización da 8ª fase do parque empresarial para conectar este sector directamente coa Estrada autonómica LU-115 creando desta forma unha acceso directo ao parque empresarial desde a estrada provincial de Outeiro de Rei a Lugo LUP-3906 sen necesidade de bordear a vía de servizo mellorando desta forma considerablemente a conectividade do parque empresarial. Este viario proxectouse en parte sobre terreos urbanizables sen desenvolver que quedaron incluídos a partir deste momento dentro da delimitación do devandito plan de sectorización e en parte aproveitando o viario proxectado dentro do Plan de Sectorización Matela II e que se atopaba aprobado nese momento e que xa prevía un viario de conexión coa rotonda existente na LU-115.

O plan de sectorización da 8ª fase do parque empresarial foi aprobado definitivamente en sesión plenaria de data 16 de xullo de 2010 atopándose nestes momentos en tramitación o proxecto de urbanización correspondente ao polígono 1 do devandito plan.

O plan de sectorización Matela II foi aprobado definitivamente en sesión plenaria de data 30 de xuño de 2003 sendo constituída a xunta de compensación mediante escritura pública de data 24 de abril de 2008 e inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras da Xunta de Galicia en data 24 de novembro de 2008 co número 25/08.

Ata o momento non foron presentados nin o proxecto de urbanización nin de compensación relativo a este sector.

Coa finalidade de levar a cabo a ocupación directa dos terreos necesarios para a execución dun tramo viario a arquitecta municipal formulou o proxecto de ocupación directa que se somete a aprobación inicial.

Por todo o cal, e de conformidade co disposto no artigo 317 e seguintes do regulamento da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, o día 23 de xullo de 2018, aprobouse inicialmente o proxecto de ocupación directa para a execución do proxecto de execución do vial de conexión da estrada LU-115 con CP3006.

Asemade, publicouse o anuncio no BOP de Lugo de 30 de xullo de 2018, así coma no taboleiro de edictos municipal e cursáronse as notificacións persoais aos interesados.

Durante o prazo de información pública non se presentaron alegacións ou suxerencias, motivo polo cal, o día 3 de setembro de 2018, mediante decreto de Alcaldía acordouse

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de ocupación directa para a execución do proxecto de execución do vial de conexión da estrada LU-115 con CP3006.

SEGUNDO.- Proceder á ocupación dos terreos afectados.

O presente acto administrativo pon fin á vía administrativa, contra o que poderá interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da práctica da presente notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da práctica da presente notificación.

Outeiro de Rei, 6 de setembro de 2018.- O Alcalde, José Pardo Lombao

R. 2552

Anuncio

Confeccionado o Padrón de contribuíntes do Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente o ano 2018, expónse ó público durante o prazo de vinte días, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de examen e reclamacións.

Outeiro de Rei, 10 de setembro de 2018 O Alcalde, D. José Pardo Lombao

R. 2569

RIBADEO

Anuncio

Faise público que por Resolución da Alcaldía desta mesma data foron delegadas as funcións desta Alcaldía-Presidencia, por ausencia do termo municipal de Ribadeo do Alcalde D.Fernando Suárez Barcia, na Primeira Tenente Alcalde D.ª Ana Maria Martínez Fernández e sucesivamente no resto de Tenentes de Alcalde pola súa orde de nomeamento durante os días 9 a 16 de setembro de 2018 ambos dous inclusive.

Ribadeo, 5 de setembro de 2018.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA .- O SECRETARIO EN FUNCIÓNS, JOSÉ RODIL VEIGA

R. 2548

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 06/09/2018, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a AGOSTO de 2018, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Pastor ou BBVA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, a 6 de setembro de 2018.- ALCALDE PRESIDENTE, Julio Gallego Moure.

R. 2549

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA N.º 2 DE LUGO

Anuncio

D./Dª. FRANCISCO JULIAN HINOJAL GIJON, letrado de la Administración de Justicia, del XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 2 de LUGO, por el presente

En el presente procedimiento ordinario 886/ 17 seguido a instancia de CAIXABANK SA frente a CONSUELO TRINIDAD COLL COLL se ha dictado sentencia, cuyo tenor literal es el siguiente:

FALLO

Que, estimando sustancialmente la demanda formulada por la entidad Caixabank S.A., representada por la Procuradora Sra. López Fernández y asistida por el Letrado Sr. Medina González, contra doña Consuelo Trinidad Coll Coll, en situación de rebeldía procesal, debo declarar y declaro el vencimiento anticipado del préstamo con

garantía hipotecaria suscrito por las partes en fecha 25 de febrero de 2008 por incumplimiento grave y esencial de la obligación de pago, condenando a la demandada a abonar a la actora la cantidad de 104.013,26 euros más los intereses ordinarios desde la interpelación judicial hasta la presente resolución y a partir de ella los del artículo 576 LEC. Con imposición de las costas a la demandada.

Notifíquese esta resolución a las partes haciéndoles saber que la misma no es firme y que contra ella podrán interponer recurso de apelación.

Así, por esta mi sentencia, juzgando en esta instancia, lo pronuncio, mando y firmo,

Y encontrándose dicho demandado, CONSUELO TRINIDAD COLL COLL, en paradero desconocido, se expide el presente a fin de que sirva de notificación en forma al mismo.

LUGO a cinco de febrero de dos mil dieciocho.- EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA,

R. 2550

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente número: A/27/21691.

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Amable Eiros López.

Nombre del río o corriente: "Fonte da Valiña do Gato I" y "Fonte da Valiña do Gato II".

Caudal solicitado: 0,05 l/seg.

Punto de emplazamiento: Surriba (Córneas).

Término Municipal y Provincia: Baleira (Lugo).

Destino: Uso ganadero

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Captación I: Tubería de 20 cm de diámetro, depósito de acumulación y conducción por tubería a establo.

Captación II: Arqueta de captación, conducción por tubería a depósito y a explotación ganadera.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Baleira**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 17 de agosto de 2018.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 2452

NOTARÍA

Anuncio

MANUEL IGNACIO CASTRO-GIL IGLESIAS, Notario del Ilustre Colegio de Galicia, con residencia en 27001 Lugo, Calle de la Reina, 1, 4º,

Hago constar:

Que en esta Notaría, a instancia de Doña María Jesús y Doña Rosario Cora Corral, se está tramitando la partición mediante sorteo ante Notario de la herencia quedada al fallecimiento de Don Manuel Cora Quiroga, en los términos de los artículos 295 y siguientes de la Ley de Derecho Civil de Galicia, 2/2006, de 14 de Junio. Ello, en acta autorizada por mí, el día veinticinco de mayo de dos mil dieciocho, con el número 1.797 de mi Protocolo.

Y siendo heredero interesado, Don Alfredo Cora Corral, cuyo domicilio se ignora, por el presente se le notifica:

1º.- Que el próximo día "Que el próximo día cinco de noviembre de dos mil dieciocho, a las nueve horas, en esta Notaría de Lugo, las requirentes tienen intención de efectuar la designación de contador-partidor por sorteo, lo que se comunica al indicado heredero, cuyo domicilio se ignora, a los efectos de que, conforme a lo dispuesto en el artículo 299 de la Ley de Derecho Civil de Galicia, pueda proponer hasta un máximo de tres contadores-partidores; y

2º.- Que, seguidamente, el día diecinueve de noviembre de dos mil dieciocho, a las nueve horas, el contador-partidor elegido por sorteo formalizará el inventario de los bienes de la herencia y los lotes correspondientes a cada uno de los interesados en la misma, -en los que se incluirá la entrega de legados, en su caso-, protocolizándose a continuación la partición en escritura pública.

Lo que se hace constar a los efectos legales oportunos.

En Lugo, a seis de septiembre de dos mil dieciocho.- El Notario, Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias

R. 2551
